

TERRA DE OUZES 62

Abril - Xuño 2023

1€



o
neste
n

A xurisdición de Muros (XXV)
Documento notarial do s. XIV
Hórreos de San Ourente (III)
O valor do patrimonio
Día da muller no IES Poeta Añón
Os papeis de Añón
"Desde Rusia con Añón" (IV)
... e as nosas seccións habituais



Entrevista a...
Emilio del Río

EDITORIAL

Unha boa nova

Despois dunha longa sucesión de noticias alarmantes, cando non nefastas, iniciada co anuncio do primeiro infectado polo coronavirus hai tres anos e que chegan hoxe en día co aumento disparado da inflación, por fin recibimos unha boa nova: o acordo de todas as forzas políticas, sindicatos, organizacións ecoloxistas, empresariais, autoridades municipais de todas as cores e confrarías da ría de Muros e Noia na defensa do sector mariñeiro-mariscador, fronte á ameaza de desastre ecolóxico que supón o baleirado das augas residuais contaminadas das minas de San Fins.

É inusual, e ata increíble, semellante unanimidade. Cando non a houbo durante o desastre do Prestige, nin na actualidade coa desfeita da Sanidade Pública, era difícil imaxinar que se producise en ningunha outra ocasión. Porén, aí está, no apoio explícito de cada unha das catro confrarías e corporacións municipais e a adhesión de todos os partidos políticos e organizacións sindicais, ecoloxistas e cidadás (entre elas a da nosa asociación) coa súa presenza pública na gran concentración popular do pasado 4 de marzo que reuniu milleiros de persoas na alameda de Noia ao tempo que os comercios e locais de hostalaría pechaban as portas en solidariedade cos afectados, que en realidade non son só os produtores, senón tamén os consumidores e mesmo os usuarios das praias en época estival, o cal inclúe un sen número de turistas.

Agora cabe esperar que os gobernantes de quen depende a decisión de impedir as verteduras de augas da mina de Lousame á ría que contaminan fatalmente a produción marisqueira (que dá traballo directamente a uns 2.000 mariscadores e mariscadoras, ingresos decentes a outras tantas familias e indirectamente a moitas máis), non fagan óídos xordos a semellante clamor e, se non é así, polo menos que sirva de aval para que a Xustiza cumpra co seu deber.

Dicionario xeográfico Xoán Mariño

Ribeira de Piquín. É como se chama en galego a beiramar da capital chinesa.

Creta. Illa do Mediterráneo de onde proceden os cretinos, xente que, ao contrario que a doutros lugares (como os palentinos ou os arxentinos, que o son para toda a vida), ten que renovar a súa condición permanentemente, como os que votan a Jácome unha e outra vez.

Altamira. Lugar do concello de Brión onde están as ruínas dun antigo castelo de onde son orixinarios os altamirantes, categoría superior á dos almirantes.

Línea de la Concepción. En Andalucía, bordo que deben sobrepasar os espermatozoides para fertilizar un óvulo.

Os Casais. Aldea da parroquia de San Ourente que ao galego debía traducirse por "Casádevos".

Pataconia. Territorio do sur da Arxentina famoso pola súa produción de patacas.

Amberres. Cidade belga fundada por emigrantes procedentes de Ames e Berres.

Vilardigo. Lugar da parroquia de Cando que en castelán traducen como "Villardiego", que é a onde van os que saen fuxindo dun sitio.

Boqueixón. Concello da comarca de Santiago que recibe o seu nome dos grandes, e de inmellorable calidade, queixos que alí producen.

A Asociación Terra de Outes

apoia a

MANIFESTACIÓN

en SANTIAGO

convocada pola Plataforma
en Defensa da Ría
contra as verteduras da
mina de San Finx

SÁBADO 29 de Maio ás 12:00H

Revista subvencionada por:



**Deputación
DA CORUÑA**



Concello de Outes



Asemblea anual

No sábado 20 de xaneiro a nosa asociación realizou no seu local social do Cruceiro de Roo a súa XVII asemblea anual. Nela, ademais de ser aprobado o exercicio económico de 2022, fíxose o balance da actividade do mesmo período e adiantouse o programa de actos do presente ano, en que se priorizará a continuidade desta revista e mais da serie de libros iniciada o pasado ano adicados aos hórreos de Outes, con dous máis que conterán os correspondentes a San Ourente e San Cosme. Tamén

se dedicará boa parte dos nosos esforzos á actividade marítima, así como a unha nova sección que se pretende poñer en marcha: un grupo de teatro afeccionado. Logo da comida, retomada tras dous duros anos de pandemia que nos impediu realizala, durante a sobremesa, Ramón Blanco, membro do consello de redacción da revista, presentou o nº 61 desta publicación, que non falta á cita co seu público lector dende hai máis de 15 anos.



Exposición de Nunca Máis

A exposición "Do arquivo de Nunca Máis de Outes", inaugurada o día 20 de xaneiro na Casa da Cultura de Outes, quixo lembrar a incesante actividade da plataforma Nunca Máis en forma de carteis, desde a convocatoria da primeira gran manifestación en Santiago o 1 de decembro de 2002, a famosa "manifestación dos paraugas", ata o que catro anos despois seguía esixindo solución para o Prestige, pasando polos das convocatorias da manifestación da Coruña, coñecida pola "das maletas", a da "marcha a Madrid" o 23 de febreiro do 2003, a do primeiro aniversario do afundimento do petroleiro ou a

dos grandes concertos expansivos, alternando con dúcias de fotografías da imparable actividade da plataforma Nunca Máis de Outes. Reflicten a gran cantidade de actos levados a cabo no curto período de tres anos: organización de voluntarios e voluntarias para limpar as praias, participación en todas aquelas manifestacións, organización dos concertos expansivos nesta localidade, difusión de folletos para esixir responsabilidades, xunto con bandeiras que se colocaron en incontables ventás, balcóns e establecementos públicos, proxección de documentais relativos a aquela catástrofe medioambiental e a mobilización da marea branca do voluntariado que arrincou o chapapote coas súas mans, charlas, presentación da baralla de Burla Negra nunha casa da cultura abarrotada ou a participación na "Volta a Galicia" o 30 de abril de 2003 ao seu paso por este municipio, recibida polo alumnado do instituto que uns días antes acudira masivamente para formar a cadea humana na Costa da Morte. Completan esta exposición unha serie de obxectos que dan tamén conta das múltiples facetas que acadou a difusión da imaxe da plataforma, pero tamén das súas dimensións culturais: insignias, chaveiros, baralla do Prestige e camisetas con cuxa venda se financiou a actividade da plataforma, vídeos, CD musicais e poéticos, algún dos numerosos libros publicados desde aquel entón e, non podía faltar, o especial de *La Voz de Galicia* que cubriu sobre o terreo aquela gran mobilización cidadá, da cal xurdiu pouco despois a asociación Terra de Outes, organizadora desta exposición con que se quixo conmemorar o XX aniversario da plataforma Nunca Máis de Outes.

A xurisdición de Muros (XXV)

Interrogatorio de Carnota (VII)

Xoán F. García

Freguesías de San Mamede de Carnota, Santiago de Louro, Santo Estevo de Abelleira e San Cosme de Antes
Respostas ás preguntas 19 á 40.

19.^a.- Á décimo novena, que non poden dicir a punto fixo o número de cortizos que hai en cada unha das ditas freguesías, para cuxo número e pertenzas se remiten ás relacións e recoñecemento feito, pero regulan a utilidade de cada un en tres reais de billón sendo propios, e o mesmo dá en parzaría, por metade, dono e posuidor, e responden

20.^a.- Á vixésima, que no termo das ditas freguesías hai bois, vacas, becerros e becerras, ovellas, carneiros, cabras, castróns, eguas, poldros, poldras, machos e mulas, porcos, porcas, sen que poidan explicar o número e a pertenza de cada un, polo que se remiten ás relacións e recoñecemento, e menos saben que fóra do dito termo teña ningún veciño cabanas nin recuas e responden.

21.^a.- Á vixésimo primeira, que esta freguesía de San Mamede de Carnota se compón de douscentos cincuenta e cinco veciños, a de Louro de cento dous, a de Abelleira de oitenta e cinco e a de San Cosme de Antes de corenta; sen que ningún viva nin teña casais nin facendas, e responden.

22.^a.- Á vixésimo segunda, que en cada unha das expresadas freguesías hai tantas casas como veciños e ningunha inhabitable nin arruinada cuxos particulares constarán nas relacións, e responden.

23.^a.- Á vixésimo terceira, que as ditas freguesías non teñen nin posúen bens propios ningún, excepto os montes comúns e abertos que seguen: nesta freguesía de Carnota hai un monte que non produce por ser inútil de natureza chamado Pindaro¹ e Cruz de Cubelo, cabida seis mil ferrados; levante Santa María de Coiro, poñente mar, norte río e mediodía Santa Comba de Carnota. A de Santiago de Louro un monte que non produce por ser inútil de natureza, chamado Louro; cabida mil cincocentos ferrados; levante, poñente e mediodía mar, e norte San Xoán de Serres. A de Abelleira, un monte que non produce por ser inútil de natureza chamado Pedra de Corvos, cabida mil oitocentos ferrados; levante Santiago de Tal, poñente San Xoán de Serres, norte San Xíán de Torea e mediodía mar. E a de San Cosme de Antes ten un monte que non produce por ser inútil de natureza chamado de Brandomil, cabida cento cincuenta ferrados; levante Santo André da Pereira, poñente e mediodía San Mamede de Alborés, norte río. E a figura de cada monte son as da marxe, e responden.



Igrexa de San Mamede de Carnota. Esta freguesía contaba con douscentos cincuenta e cinco veciños.

24.^a.- Á vixésimo cuarta, que o común das ditas catro freguesías non goza de arbitrio, sisa nin outra cousa do que contén, e responden.

25.^a.- Á vixésimo quinta, que tampouco satisfán gastos ningún dos que expresa, e responden.

26.^a.- Á vixésimo sexta, que non ten cargos de xustiza, censos nin outra cousa do que motiva, e responden.

27.^a.- Á vixésimo sétima, que esta freguesía de San Mamede de Carnota paga anualmente por razón de servizo ordinario a S.M., que Deus Garde, catrocentos reais de billón, e polos máis ramos de sisas, centos e alcabalas tres mil seiscentos. A de Santiago de Louro contribúe polo servizo ordinario con cento cincuenta reais e polos demais ramos seiscentos. A de Santo Estevo de Abelleira cen reais polo servizo ordinario e polos demais ramos novecentos. E a de San Cosme de Antes paga de servizo ordinario corenta reais e polos demais ramos catrocentos oitenta. Sobre todo o cal se remiten ás testemuñas dadas pola Xustiza de cuxas contribucións e outros compartimentos de utensilios e demais que anualmente se ofrecen agardan o alivio da Real Piedade, e responden.

28.^a.- Á vixésimo oitava, que non saben que en ningunha das ditas freguesías teña S.M. alleado ningunha parte da súa Real Facenda, nin outro emprego, só hai os que levan exposto na pregunta segunda, e en cada unha das ditas freguesías un mordomo pedáneo que elixen os seus veciños, e responden.

29.^a.- Á vixésimo novena, que de todo canto contén só hai nesta freguesía de Carnota unha taberna chamada de Canedo que arrendan os seus veciños en virtude do encabezamento, e actualmente atópase en Andrés Caamaño na cantidade de cento cincuenta reais de billón ao ano, que serven para axudar a pagar

os ditos veciños os dereitos á S.M. que Deus Garde, e de satisfeita regúlase de utilidade sesenta reais. E a Rufina Fernández, a súa taberneira, un e outro anualmente, para o cal se remiten ao asento da industria e lista xurada e asinada, e a casa desta taberna non é do común, senón de particulares que a arrendan ao seu dono para este fin e cuxo alugueiro vai regulado cos demais, e responden.

30.^a, 31.^a. - Á trixésima e trixésimo primeira, que en ningunha das ditas freguesías hai hospital, cambiador nin mercador dos que expresan, e responden.

32.^a, 33.^a, 34.^a, 35.^a. - Á trixésimo segunda ata a trixésimo quinta inclusive, que se remiten á lista xurada de oficios que entregaron en que polo miúdo² consta de todo o que se lles pregunta. E considerándose os labregos como xornaleiros regulan a cada un por día dous reais de billón a seco, que se entende sen darlles de comer, e responden.

36.^a. - Á trixésimo sexta, que en ningunha das ditas freguesías consideran pobre ningún de solemnidade, e responden.

37.^a. - Á trixésimo sétima, que do que ela contén só hai nesta freguesía de Carnota tres embarcacións menores que serven para pescar propias unha de Antonio Martínez e Fernando Ribeiro, de por metade; outra de Ignacio Ribeiro e Juan Lado, da mesma conformidade; e a outra de Juan Martínez e Juan Ribeiro, tamén de por metade. E a cada unha das ditas embarcacións regúlanlle de utilidade anual trescentos sesenta reais para os dous donos compañeiros, que é o líquido que se lle considera dará a utilidade que eles poidan ter polo seu oficio persoal. Constan na lista que entregaron á cal se remiten, e responden.

38.^a. - Á trixésimo oitava, que nesta freguesía de Carnota hai D. Miguel Angel Vermudez cura dela, D. Domingo Antonio Quintela e D. Patrizio Figueira, presbítero. Na de Louro D. Domingo Antonio González, cura e D. Theodoro de Rama, presbítero. Na de Abelleira D. Bentura Pelaio de Moledo, cura e D. Bernardino Antonio de Moledo, presbítero. E na de San Cosme de Antes unicamente don Liborio Ignacio Alvaréz cura dela, e responden.

39.^a. - Á trixésimo novena, que en ningunha das ditas fregue-

sías hai convento de ningún sexo, e responden.

40.^a. - Á cuadraxésima, non saben que teña a Súa Maxestade no termo das mesmas freguesías renda nin leira que non corresponda ás Xerais e Provinciais, a excepción das reais devensas que deron por lista, e responden.

Todo o cal é o que poden poñer en orde ao que conteñen as preguntas que levan feito, e tras lerse integralmente dixeron que non teñen que quitar nin engadir e estar conforme ao seu saber e entender. E polo mesmo apróbano, confirman e ratifican baixo o xuramento que prestaron. E a maior abastanza reiteran e asinan os segres que saben, e polos que non unha testemuña co Sr. subdelegado do que eu, escribán, dou fe.


D. Cecilio Morphi, D. Francisco Alexandro de Silva, Joseph Antonio Luazes Figueroa, Domingo Antonio da Rama, Joseph de Castro, Joseph Somoza, Thomas de Raris, Joseph Fernandez. Polo rogo Pedro Suárez. Ante min Domingo Romero y Caamaño.

¹ Píndaro: necesariamente trátase do Pindo.

² Polo miúdo: detalladamente, pormenorizadamente



Imaxe do monte Pindo

Optica  **OLLLOS**

A Óptica da túa confianza!

Malecón de Cadarso, 3 (Xunto á ponte de San Lázaro) - Tlf. 981 82 42 60

NOIA

Documento notarial do século XIV

Mingucho Campos

Varios son os estudos e publicacións sobre as confrarías de clérigos da Concepción que veñen poñer de manifesto a importancia concreta da terra de Santiago nos séculos centrais da Idade Media, o seu movemento social, a organización clerical nesta diocese e mesmo a historia das vilas, como a de Noia, os organismos de poder, sistemas de mercado, organizacións sociais etc. etc. Cómpre citar entre estes estudos o realizado polos filólogos Xosé Barroso Castro e Xoán Manuel Neira Pérez que se reflicte no volume *A vida e a fala dun pobo, "A fala no tempo"* (editorial Toxosoutos, 2008), que os mesmos autores definen como *un traballo completo sobre a historia da lingua galega e a historia das relacións de convivencia entre clérigos, gremios e notarios de Galicia nos séculos XIV-XIX*. Obviamente a regulamentación relixiosa, en concreto a regulación relixiosa da vida e da morte e, en xeral, a realidade existencial das persoas no seu desenvolvemento social, persoal e tamén relixioso.

Neste traballo imos referirnos en concreto ó arquivo da igrexa parroquial de San Martiño de Noia, que contén datos sobre a Confraría dos Clérigos da Concepción desta localidade. Este arquivo, localizado na casa reitoral da vila, abrangue na súa totalidade cento trinta e un (131) volumes, dos cales cincuenta e dous (52) pertencen á devandita confraría. Constitúen, xa que logo, unha auténtica biblioteca histórica, económica e administrativa de, probablemente, cincocentos anos de actividade social, económica, cultural, relixiosa e administrativa da vila de Noia e de toda a súa contorna. Todo este fondo documental poderíase agrupar nos seguintes eixes temáticos:

- Documentos de carácter económico-administrativo
- Contas
- Testemuñas
- Fundacións
- Réxime xudicial
- Réxime interno sobre o cabido, visitas etc.

Cómpre salientar que os pergameos datados nos séculos XIV e XV fican redactados na lingua galega medieval, mentres que os do século XVI están escritos no castelán da época. Non obstante, a datación concreta en "eras" de cada un deles pode estar suxeita a unha diferente cronoloxía histórica, xa que o método cronolóxico da "*Era de César Augusto*", tan usado antigamente, comeza a contar trinta e oito (38) anos antes do nacemento de Xesucristo e foi, en xeral, utilizado até o ano 1383, ano en que as Cortes de Segovia decidiron utiliza-lo cómputo da "*Era Cristiá*". En consecuencia, este método de cronoloxía da "*Era de César Augusto*" deu inicio trinta e oito (38) anos antes do da "*Era Cristiá*".

O devandito arquivo histórico de San Martiño de Noia estaría orixinalmente formado por máis documentos dos conservados con posterioridade e mesmo na actualidade. Varios son os datos que permiten esta aseveración, porén non imos entrar nestes pormenores coa fin de centranos no texto ó que fai referencia o título deste traballo:

ERA DE MIL TRESCENTOS NOVENTA E OITO (1398)

Os Homes Bos interveñen para concilia-las dúas partes no referente a unha partición dalgunhas casas e casares de herdanza. Dunha parte, Gómez Fernán de SIAVIA; da outra, os irmáns Rodríguez (García, Xoán, Maior e Orraca). Os Homes Bos ditaminan que Gómez

Fernán teña unhas posesións e os froitos delas, coa condición de que este lles pague ós irmáns unha determinada cantidade en compensación. A presente contenda ou demanda é un simple requirimento que se lles fai ás partes por medio dun notario como representante da Xustiza, actuando neste caso como tal Xoán Suárez. Foi cuxamente no século XIII cando se poñen as bases para a consolidación da institución notarial e da documentación pública.

SIAVIA correspóndese co actual topónimo de SIAVO, lugar da parroquia de Sabardes (O Freixo). Neste lugar pertencente ó arciprestado de Entíns houbo, con moita anterioridade á existencia da parroquia de San Xoán de Sabardes, un mosteiro de monxes bieitos documentado xa no século XII co nome de "Sancti Iohannis de Sauardes", que posteriormente, no século XVII, aparece denominado como "priorado de San Xoán de Bordaos", considerado como anexo do mosteiro de San Martiño Pinario de Santiago. O arciprestado de Entíns abrangía os concellos de Mazaricos, Muros, Carnota e Outes e estremaba cos arciprestados de Duio, Barcala, Céltigos e Posmarcos de Arriba. Trinta e dúas (32) eran as parroquias que formaban parte deste arciprestado, entre as que se atopaba San Xoán de Sabardes, á cal pertence o lugar de Siavo. Preto do priorado de Entíns hai constancia da existencia doutros dous: O priorado de Santo Estevo de Boiro e o priorado de San Martiño de Corenza, e detrás ou á beira dos tres o monacato de Toxosoutos. Os priorados son casas habitadas por monxes bieitos que pertencían ou dependían dun mosteiro principal. Resulta evidente que a vida e a espiritualidade dos monxes tivo notable influencia no comportamento social e relixioso das poboacións das súas respectivas contornas e non debemos desbota-la importante repercusión na súa economía.




Foto 1. Carta.

No texto anteriormente sintetizado aparece unha figura institucional encargada de ordenar e posibilita-la convivencia dos membros integrantes dunha comunidade local: a dos HOMES BOS. Segundo recoñecen os autores Barroso Castro e Neira Pérez: *Estas persoas viñan se-la representación dos veciños no goberno do concello, unha especie de "corporación municipal"*. Este grupo de persoas, xunto co alcalde ou mordomo colaboran nas directrices funcionais e públicas da vila e encárganse de velar pola prosperidade da comunidade local atendendo o seu goberno, administración de xustiza e demais necesidades que xurdan da súa evolución. Por todo isto os "homes bos" convértese no motor administrativo da

vila. Consideramos que o termo vila é aplicable ó de localidade e que o cualificativo que se lles outorga ós compoñentes desta figura institucional pon de manifesto a dimensión positiva tanto no seu comportamento so-



Foto 2. Igrexa de Sabardes.

cial coma no relixioso que se lles supoñía ós seus integrantes. Non imos desbota-la posibilidade de reflectir unhas breves consideracións sobre o latexar dun pobo, o galego. O mesmo título do volume de Barroso e Neira, *A fala no tempo*, obríganos a facelas. Endexamais se entenderá Galicia sen o latexar do corazón dos galegos e dese latexar tan íntimo, tan de nós, agroma a conciencia de pobo que se manifesta na súa creación máis sublime: A LINGUA GALEGA, O GALEGO, ese sinal de identidade que sustenta a pertenza dun individuo á súa colectividade. O galego non só é a fala de Galicia, tamén é a vida e sen o uso do galego estamos a silencia-lo latexar de Galicia. O momento que vivimos esixe unha profunda reflexión da nosa realidade cultural, esixe desprega-las bases da identidade histórica pasada e tamén da presente. Esixe sentirnos orgullosos de nós mesmos, da nosa condición de galegos.

Escribimos con anterioridade neste mesmo medio e con motivo da con-

memoración do ano de Xela Arias (2021) que a literatura galega está a vivir uns momentos doces pola proliferación de escritoras e escritores que ven recoñecido o valor das súas creacións coa súa tradución a outras linguas; mais tamén é certo que, fóra destes cenáculos literarios, a lingua galega como instrumento de uso e sinal de identidade non pasa por un bo momento, inda que esta situación pretendan disimulala dende o Goberno galego con estatísticas. A realidade é moi teimuda e clara e apunta ó retroceso que está a sufrir-lo galego nos ámbitos da transmisión materna, da inserción social, nos ámbitos urbanos e na cantidade e calidade da fala dos galegofalantes.

Desexamos que aquilo das *Mil primaveras máis* non remate tan só como unha afortunada frase que alguén teña que traducir usando un dicionario galego editado por algunha editorial estranxeira co galego xa como lingua morta.



CONSTRUCCIÓNS BLANCO

**Traballos de
Albanelería
e Cantería**



Teléfonos: 981 769 439 – 635 946 920

Boca de Oroña, nº 6 – Cando – 15.286 OUTES (A Coruña)

Páxina web: construccionblanco.com
facebook.com/construccionblanco/

Hórreos de San Ourense (III)

Xoán X. Mariño

A catalogación dos hórreos de madeira e mixtos en S. Ourense evidenciou, ao igual que sucedera en Cando¹, dous dos máis graves problemas que afectan á arquitectura popular: por unha parte o abandono, coa conseguinte ruína e, por outra, a introdución de novos materiais nas restauracións, máis baratos pero carentes de valor estético, que dan lugar a unha rápida degradación destas edificacións; así, as paredes de madeira dos hórreos son a miúdo substituídas polo cemento, o ladrillo ou outros elementos máis insólitos e os tellados cóbrense con pranchas de fibrocemento, sen preocuparse pola contaminación do contorno.

Como xa avanzamos na primeira parte desta serie², en San Ourense inventariáronse 201 hórreos, dos cales 95 son de pedra, aos que nos referimos nos dous números anteriores desta revista, e os restantes 106, máis da metade, teñen a cámara total ou parcialmente construída con madeira. O grupo máis numeroso está no lugar de Ousesende, onde hai 13 deles, dos cales 3 son de madeira; mentres que 10 están nos Cruceiros, 8 na Poza



Foto 1. Hórreo de Domingo do Pazo. A Poza.

(un de madeira) e 7 na Seara e Sarnón; o resto áchase moi repartido: 6 hainos en Mosteiro e na Quintenla, 5 en Diz e nos Muíños (un deles de madeira); 4 na Farrapa, O Cotro, Lavacolla e Vilar de Banzas; 3 no Brenzo e Buíste; 2 na Costiña, Galteiros (un de madeira), Riba, Sacido, O Cotro e O Valado; e 1 só en Banzas, O Areal, O Formigueiro, O Valaixo (precisamente de madeira), O Marquiño e Oroña. Un dato curioso que nos sorprendera en Cando foi o gran número de hórreos (35, case a terceira parte) que erguen sobre cepas macizas, cando este tipo de soportes é máis raro nas outras parroquias do concello. Efectivamente, na de San Ourense só se contabilizaron 20, é dicir, apenas a décima parte do total e a maioría sosteñen hórreos mixtos, ao contrario que en Cando, onde na nametade dos casos servían de soporte a hórreos de cantaría. Pero é que, ademais, alí presentaba nunha inusual variedade de morfoloxías: desde simples cepas rectangulares a cepas cun ancheamento na parte superior, a xeito de ménsulas, pasando por cepas de perfil cóncavo, cepas con perfil en S e aínda outras prismáticas, máis estreitas na parte inferior ca na superior, mentres que aquí son

case todas de perfil recto, unhas poucas de lados curvos e só unha co seu perfil en dobre curva.

HÓRREOS DE MADEIRA

Aqueles que tiñan a súa cámara totalmente construída de madeira eran escasos (soamente 8) e, de todos eles, só dous as conservan íntegras na actualidade. Un dos que xa non as loce é o de Domingo do Pazo, na Poza (ver foto 1), erguido sobre un alto muro que lle daba gran prestancia a pesar da sinxeleza dos seus elementos construtivos, dos que apenas sobreviven pés e trabes da base. O primeiro dos que conserva o seu estado orixinal está en Galteiros e a última vez que o vimos estaba completamente restaurado; ao segundo, nos Muíños, que cando se fixo a catalogación se atopaba en regular estado, fóronlle reforzadas as paredes cunhas inadecuadas faixas de ferro. Os demais xa daquela estaban totalmente en ruínas, conservando unicamente os pés e algúns as trabes da base da cámara, e incluso hoxe en día un par deles están desaparecidos por completo.



Foto 2. Hórreo da reitoral. Mosteiro.

HÓRREOS MIXTOS

Constitúen o grupo máis abundante na parroquia, con case 100 exemplares, espallados por case todo o territorio de San Ourense, aínda que a maioría se concentra nun radio de 1 km arredor da igrexa parroquial, sendo escasos os situados fóra deste círculo: 4 en Diz e Vilar de Banzas; 3 en Buíste e só 1 en Banzas, Galteiros, O Formigueiro, O Marquiño e Oroña.

Corresponde o maior número aos de tres tramos, con 48 exemplares e séguelle o grupo dos de dous tramos, con 30. Menos numeroso é o de catro tramos, con 18, e aínda menos o de cinco claros, con só

3 exemplos; mentres que non hai ningún dun único tramo, ao igual ca en San Lourenzo, Tarás e Valadares, se ben as dúas primeiras parroquias son moito máis pequenas e con moita menos poboación e na terceira a práctica totalidade son hórreos de pedra.



Foto 3. Hórreo de Chico. A Poza.



Foto 4. Hórreo de Antonia. Ousesende.

a) Hórreos de dous tramos

Son, como dixemos, 30 e o seu tamaño varía entre os 4.3 e os 5.66 m de longo, 1.25 e 1.9 m de ancho e 2.9 e 3.9 m de alto, aínda que a maioría oscila entre os 4.5 e 5 m de longo, arredor de metro e medio de ancho e 3.5 m de alto.

Están 5 deles nos Cruceiros, 4 en Ousesende; 3 na Poza e Lavacolla e o resto repártense entre A Costiña, Brenzo, O Cotro (2), Mosteiro, O Areal, Oroña, Quintenla, Riba, Sacido, Sarnón (2) e O Valado (outros 2). Deles 7 viron substituídas as doelas de madeira das súas paredes polo ladrillo ou o cemento, outros estaban parcial ou totalmente en ruínas, como o da reitoral (ver foto 2). Algo máis da metade do total aínda se achaban en bo estado, entre eles o de Chico, na Poza (foto 3), que se ergue sobre tres pares de pés oitavados con tornarratos redondos de cara superior curva, no extremo sur, cadrados e biselados, no extremo oposto e unha capa rectangular do lado oriental, que fai de plataforma de acceso á cámara e precisa dun pé subsidiario; a súa cámara ten os seus dous tramos separados por columnas de pedra, unha das cales fai tamén de xamba para a porta situada sobre a mencionada plataforma; as súas paredes costais son de madeira, salvo trabes, sobretrabes, columnas que, á parte de articular a cámara en dous tramos, suxeitan os listóns horizontais aos que se fixan

os balagustros de madeira e xambas da porta, que son de pedra; os seus penais son de cantaría, cun lixeiro estreitamento na parte inferior, varias rañuras horizontais de ventilación no lado meridional e unha porta no setentrional; o teito ten sobrepenas de cantaría, tella curva e adornos en forma de cruz e de pico a ambos extremos. Modelo que seguen practicamente tódolos demais, salvo porque teñen menor número de sobretrabes, algúns cepas en lugar de columnas e varios a porta do penal con arco en vez de lintel.

b) Hórreos de tres tramos

O seu número é moito maior (48, case a metade do total dos mixtos) e tamén están moi repartidos por toda a parroquia: 5 novamente nos Cruceiros, 4 na Poza, Diz, Ousesende e Sarnón; 3 na Farrapa, A Seara, Buíste, O Cotro, Os Muiños e Quintenla; e 1 na Costiña, Banzas, O Brenzo, Galteiros, Lavacolla, Mosteiro, O Marquiño, Riba e Sacido. As súas dimensións varían entre os 5.4 do máis pequeno e os 7.97 m do máis longo; na anchura van dos 1.2 aos 2.13 m; e na altura o máis baixo non pasa dos 3.2 m e o máis alto pasa un pouco dos 4 m; pero a gran maioría oscila entre os 6.5 e os 7.5 m de longo; 1.4 e 1.8 m de ancho e 3.5 e 3.7 m de alto.

Como no caso anterior, ou aínda peor, moitos estaban en moi mal estado, como o de Antonia, en Ousesende (ver foto 4) e unha cantidade escandalosamente elevada (13) xa viron reemprazadas as táboas das súas paredes por ladrillo ou cemento.



Foto 5. Hórreo de José M. Casanova. O Marquiño.

A súa fisionomía é semellante ao grupo anterior: costais de madeira cos tramos separados por columnas de pedra, agora dúas de cada lado, penais de cantaría, con algunhas rañuras nelas e teitume e adornos idénticos, pero con algunhas diferenzas: nunha das paredes penais ábrese sempre unha porta e nas costais aparecen sobretrabes en maior número, como no hórreo de José Manuel Casanova, no Marquiño (foto 5), que chegancase ata media altura da cámara. No próximo e último capítulo abordaremos os dous últimos grupos, correspondentes aos hórreos de catro e cinco tramos, xunto a algunhas singularidades referidas aos remates que adornan a todos eles.

¹ Mariño, Xoán X.: *Os hórreos de Outes. 1. Hórreos de Cando*. Ed. Terra de Outes. Outes, 2022.

² Ver revista *Terra de Outes* nº 59.

O valor do patrimonio

Pilar Sampedro

Hai unhas semanas pasei polo IES Poeta Añón acompañando a Xoán Mariño na presentación do seu libro Hórreos de Cando. Con ese motivo volví a vista atrás para lembrar os tempos nos que ese traballo botara a andar.

Xa Mariño recollera o patrimonio culto nos libros editados polo Concello e a Deputación e distribuídos por cada unha das casas do concello polas propias autoridades municipais. Este patrimonio era maioritariamente relixioso, pero non só aí está a arte. Arte tamén hai no popular. De feito, di Felipe Senén que a diferenza entre a arte culta e a popular está na valoración de quen a fai. Daquela, tocaba centrarse no estudo deste campo que se aproxima á etnografía e antropoloxía. Era necesario o estudo de fontes, lavadoiros, pontes, hórreos, muíños, pombais... unha cantidade moi alta de elementos que dificultaba a súa investigación, pero ao tempo ía permitir unha participación moi ampla de alumnado deste instituto que non só colaboraba no inventario senón que se agardaba que, nese proceso de recollida, espertase nel a sensibilidade e o respecto por este patrimonio popular.

Por iso, xuntamos un grupo de alumnos e alumnas do 1.º e 2.º ciclos da ESO, repartímoslle uns apuntamentos coas características de cada un destes elementos da arquitectura popular e Xoán Mariño realizou unha presentación ao tempo que respondeu as preguntas relacionadas co tema. Posteriormente, quedei eu organizando os grupos que ían facerse cargo de cada aldea baixo a coordinación dun dos compañeiros que se facía responsable dese espazo xeográfico. De vez en cando aínda vexo as carpetas que se lles entregaron para reunir as fichas nas que rexistraban cada un dos elementos e como levaban o escudo do concello pois foi el quen subvencionou eses materiais, tal e como corresponde a unha entidade que representa a soberanía cidadá e que debe estar interesada en coñecer, e que todos os veciños recoñezan, o que teñen de valor.

O alumnado que ía traballar no proxecto de inventario de patrimonio popular era voluntario. Esa era a nosa maior riqueza: unha rapazada sempre disposta ao que se lle propoñía ou encantada de levar a cabo iniciativas que nos enriquecesen. Diso presumiamos, porque era o primeiro que se nos recoñecía cando chegaban aos IES de Noia para o ensino postobrigatorio. “Cos de Outes sempre se pode contar” dicíase nos. Certo, a súa dispoñibilidade levounos a ser dos primeiros en participar en traballos colaborativos como o CoastwatchEuropa no que recollían datos sobre a situación do litoral, coordinados pola Universidade de Vigo, en reciclar papel co Grupo de Medio Ambiente do ICE da USC, en participar na exposición de Artelixo que cada ano se realizaba en Redondela, en formar parte da revista ambiental O Moucho cos centros de ensino que cubrían dende Carnota ata Outes ou no premio Leixaprén de normalización lingüística cos centros de secundaria da zona.

Puxémonos prazos e, a partir de aí, a rapazada traballaba de forma individual ou grupal dependendo de cantos pertencían ao mesmo lugar ou como querían facelo. Traíanse as fichas de novo unha vez cubertas por eles e Xoán e mais eu fomos, no caso de Cando,

reparar os lugares, fotografar e recoller máis datos de todos cantos elementos da arquitectura popular nos proporcionaran os alumnos; moitas veces quedabamos con eles para que nos axudasen a atopalos máis facilmente... Unha vez rematadas esas visitas, correspondíalle a Xoán Mariño o traballo de ordenar todo o material recollido con vistas á súa publicación.

Falarei, en primeira persoa, do que a min me importaba desta tarefa:

O funcionamento de voluntariado; traballar para o común, para o de todos, para o que pertence ao colectivo. Traballar mirando máis alá da nota, do propio embigo, da casa de cada un.

Recoller o que hai valioso entre nós. Darlle o valor que merece, porque moitas veces admiramos o último, o máis moderno e esquecemos o que deixaron os que nos precederon, como quen planta unha mesa de cemento sobre o dolmen dos prehistóricos.

Mentres realizamos o inventario de fontes, lavadoiros, hórreos... dámonos conta de que é unha riqueza para resgardar; por iso, o normal é que o defendamos.

Deixar sobre o papel, recollido, o que hai neste momento e que pode desaparecer en calquera instante.

Porque é imprescindible coñecer para querer, ninguén ama o que descoñece e non podemos dar por suposto que todo o mundo sabe o valor das obras... Se lle ensinamos un cadro de Picasso ao 90% da poboación mundial darémonos conta de que descoñece o que




Foto 1. Capa da carpeta que incluía as fichas que cada alumno levaba para cumprir dos elementos da arquitectura popular que houbera no lugar ou lugares que lle correspondían.

OBRA: HÓRREO DO MENOR N.º: 4.733.11
 LUGAR: BRIÓN DE ABAIXO PARROQUIA: Roo
 DIMENSIONES: 6.81 m de longo, 1.73 m de ancho e 3.43 m de alto

Este é o máis oriental dos dous hórreos que se encontran na Cuiña, á beira do camiño que atravesa o núcleo do lugar de oeste a oeste, a uns 60 m. do cruce coa estrada Outes-Murres.

Levántase sobre catro pares de pés ortavados con tornaventos rectangulares unidos transversalmente, nos extremos, e redondos os restantes.

A cámara está organizada en tres tramos que delimitan dúas columnas de pedra a cada costado que, ademais de soste as trabas do tellado, serven de ancoraxe para os barcos horizontais que reforsan a madeira das paredes costais, nas que se abre unha porta con xambas de pedra que interrompen as dúas liñas de sobretabes, tamén de pedra, separadas un



Foto 3. Ficha dun hórreo de Roo elaborada por Xoán Mariño logo de fotografar e describir, xunto con Xosé M. Vázquez, o que antes localizaran as alumnas de 4º de ESO Marisa Fdez. Campos e Elena Pereiro en Brion

pode valer e poderían rachalo sen problema, mais o 10% restante defenderao fronte a calquera ignorante disposto a acabar con el. O mesmo pasa con todo, tamén con eses elementos do común que atopamos nas aldeas, construídos por canteiros que ás veces eran da mesma escola que os que facían igrexas e catedrais.

Ti e mais eu somos nós, foi o lema que unha alumna creou naquel tempo. Sabendo iso é máis doado entender o común e poñerlle barreiras a todo tipo de discriminación. O meu é meu, pasar de "o de todos non é de ninguén" a "o de todos tamén é meu" resulta un gran avance. Co que é noso temos un compromiso, conservar o que fixeron con moito traballo os que nos antecederon, fixérono para durar e nós temos que intentar que perdure, que pase por nós e continúe, que non se perda no noso presente. Iso vale para todo... O galego perderase, pero temos que tentar que non sexa no noso tempo, facer o posible para que chegue aos seguintes: aos fillos e ás fillas dos fillos nunha longa cadea de tempo que non se mide por reloxos nin calendarios, o tempo longo dos pobos do que falaba Avilés de Taramancos.

Na miña aldea alguén, de paso que facía unha casa, tirou os chantos dun camiño veciñal e roubounos... se estivesen recollidos nun libro igual lle custaba máis traballo desfacer o que estaba recoñecido; polo tanto, hai que recoller os muros que quedan, aínda que deberíamos dicir que se poden atrever con todo, e o que cómpre é

HÓRREO DE PEPE DE LUNA N.º 8
 LUGAR: ENTÍN PARROQUIA: ENTÍN
 SITUACIÓN: O LADO DA IGLESIA

TIPO :

- ☐ Cabazo
- ☒ De madeira
- ☐ De pedra
- ☐ Cemento e ladrillo
- ☐ Mixto

ESTADO DE CONSERVACIÓN:

- ☒ Bo
- ☐ Regular
- ☐ Moi descoidado
- ☐ En ruínas

UTILÍZASE:

- ☒ Si
- ☐ Non

Foto 2. Ficha dun hórreo de Entín cumprimentada pola alumna de 4º de ESO María Agra Gándara, coordinadora así mesmo de todos aqueles aos que correspondía a parroquia de Entín.

enfrentalos, porque pode que un día destes "sen querer" caia un cruceiro, que día a día vai empuxando un tractor coma un tanque de guerra. Non estamos tan lonxe de Ucraína...

Remataba a miña intervención convidando a valorar e defender o propio, o que nos identifica. O feito de que o IES leve o nome de Añón responde a que o poeta é o que nos identifica, porque cando se di Añón -en calquera lugar do mundo- o nome de Outes vai con el, cando Os Tamara cantaban os seus poemas en América, cando alguén le un poema seu onde sexa... é Outes e as súas terras as que o acompañan. Neste mundo globalizado, só permanece na memoria o que vos identifica e recoñecedes sempre (o Tins e o Rial, o retrato de Añón dentro do Concello ou a escultura que o lembra, as casas barrocas ou os cruceiros do escultor Ferreiro), o que é só voso e o recoñecedes sempre. As rúas que son iguais en Negreira, A Serra ou Carballo ninguén as vai lembrar, porque ata poderían ser dun lugar de Arkansas... por iso hai que gardar o que se ten, non permitir que se esfarele; esa liberdade de cada un para vender o hórreo ou tirar o muro é falsa, un engano, porque eu non podo queimar un cadro de Picasso que -polo feito de existir- xa non é de quen o pagou con cartos senón do patrimonio mundial, coma o galego (que se permitimos que se deixe de falar faremos máis pobre a humanidade) ou os soutos, as carballeiras ou as fragas, como as casas e os muros de vello.

Entrevista a...

EMILIO DEL RÍO

Criado en Outes desde o seu nacemento en 1964, aínda que veciño de Santiago de Compostela dende os catro anos. Fillo de pai e nai mestres do Ensino Primario, que lle inculcaron dende cativo unha gran curiosidade polo mundo e un grande amor e respecto pola docencia e a pedagogía. É membro da Sociedade Galega de Dermatoloxía (Sogaderm), da Academia Española de Dermatoloxía e Venereoloxía (AEDV) e da European Academy of Dermatology and Venereology (EADV). A súa clínica é unha das poucas que teñen o galego como lingua de expresión. Sobre este aspecto quixemos afondar na nosa conversa.

Fálanos primeiro da túa infancia

Meu pai era da Seara, en Santo Ourense, e a miña nai, que foi mestra nacional, como se chamaba daquela, tivo a escola en Vilar de Banzas durante un ano e eu vivín alí na casa-escola con ela cando era moi cativo e, aínda que moi pequeno, lembro algunha vivencia daqueles tempos sinxelos pero moi felices..

Dicía Rilke, o poeta alemán, como unha proclama antibelicista, que “a verdadeira patria é a infancia”. E, para min, a patria e a infancia é Outes. Alí desenvolvía unha curiosidade voraz por todo o que vía arredor, as xentes, os costumes, os labores do campo, o contorno, a natureza. Cada miñoca, escáncer, vagalume, limpafontes, cada herba, os niños dos xiríns... eran para min un descubrimento. Esa curiosidade, que tento aínda manter viva cada día medio século despois, faime gardar memoria de froiteiras case exclusivas de Outes, como os perillóns (un tipo de pequena pera moi agre, que actualmente case non se ve nas hortas), os peros (máis redondíños e doces), as mazás de San Xoán, de San Miguel... ese gusto por eses sabores e aromas intensos e antigos permanece en min dende aquela porque se gardan na parte máis antiga evolutivamente do cerebro. Como tamén a sonoridade de tantos lugares que definen o mapa da miña infancia e tanto din; A Seara, As Eiras, A Farrapa, O Rial, Quintenla, O Brenzo, Mosteiro, Galteiros, Donas... Mesmo microtopónimos nin recollidos nos mapas e con risco de perdérense: As Abruñeiras, As Cortiñas...

Agora dos teus estudos

Estudei toda a primaria e bacharelato no colexio La Salle de Santiago, onde meu pai traballaba tamén como mestre. Tras rematar o bacharelato custoume decidir que carreira escoller. De feito, gustábase case todo, da literatura á historia e á medicina, que foi o que finalmente elixín.

Logo fixen Medicina e Cirurxía na Facultade de Medicina de Santiago entre 1982 e 1988. Tiven sorte e aprobei o MIR xa na primeira ocasión que me presenteí. Decidín daquela, non sen certos remorsos porque acababa de falecer meu pai, que era bo saír algo fóra, ter experiencia de “emigrante”, coñecer outros contornos, e

elixín a especialidade de Dermatoloxía en Madrid, que xa daquela era moi demandada pero sen tanto circo mediático coma agora. Especialiceime en Dermatoloxía Médico-Cirúrxica e Venereoloxía no Hospital Clínico de Madrid entre os anos 1989 e 1992. Despois doutoreime en Medicina en 1996 no Departamento de Medicina Preventiva e Saúde Pública e Historia da Ciencia da Universidade Complutense de Madrid cunha tese sobre o nacemento da dermatoloxía en España e, máis concretamente, en Madrid.

Completaches a formación en Madrid e parecía ese o teu destino, mais decidiches retornar á terra.

Sempre tiven claro que quería vivir e traballar en Galicia, o mellor sitio do mundo e a mellor nai para os seus fillos, devolverlle a esta terra unha parte do tanto que me dera e, rematada a especialidade, voltei a Galicia no ano 1992 e comecei a traballar no Hospital de Santiago.

Logo deixaches o Sergas

Para alguén inqueda e de espírito emprendedor, despois de tomar posesión como propietario da miña praza no concurso-oposición como número un, renunciei a ela e comecei a aventura de crear clínica e proxecto empresarial propio, por e para esta terra: o proxecto Clínica Dermalar e Dermotenda, que dende hai case 20 anos é a cerna da miña vida profesional e de que me sinto especialmente orgulloso porque mantén 10 postos de traballo, 9 deles femininos, dá servizo á comunidade na saúde da pel e na estética dermatolóxica e contribúe a fixar a riqueza e os recursos ó territorio.

Para entón, as novas tecnoloxías estaban facendo acto de presenza. Ti como as recibiches?

Fun pioneiro na utilización das novas tecnoloxías para posibilitar e ser pioneiro na teleconsulta de dermatoloxía en España no ano 1999 e vinte anos despois, en 2019, pioneiro tamén na organización e coordinación do primeiro congreso virtual da especialidade en España.

Cóntanos algo das túas intervencións na TVG

Si, quizais é polo motivo de expresar no galego estándar con fluidez e con linguaxe accesible á poboación e capacidade de concretar polo que me piden colaboración regular da Televisión de Galicia no relativo á dermatoloxía. Aí penso que a capacidade de expresar de forma concisa, cunha linguaxe comprensible, pero sen renunciar á riqueza de léxico e á corrección e precisión, debería ser unha habilidade que se adestrase nas escolas. No que respecta á miña especialidade, que ten tanta transcendencia nos medios polo impacto visual de moitos dos padecementos cutáneos e polo recente interese pola estética, a aparencia, os láseres, o cabelo e as tecnoloxías aplicadas á beleza, realmente creo que ese labor divulgativo debería de ir implícito no traballo de médico como un “servizo social” ou unha parte de cota de traballo ou de obriga colexial. De feito, a información, a prevención e promover os hábitos de vida saudables son a mellor menciña: a mellor enfermidade é a que se prevén e non se chega a ter.



Na última entrevista referícheste a un problema cada vez máis frecuente en Galicia, a sarna

A sarna é unha doenza case esquecida que non é grave pero si molesta e que está reaparecendo. Na nosa clínica atendemos entre seis e oito casos á semana, ás veces máis. O aumento de contaxios pode deberse á perda de eficacia dos tratamentos. A maioría das sarnas de agora son resistentes ós tratamentos máis modernos e temos que volver ós tratamentos antigos, que son os que non fallan e son eficaces. A enfermidade non é grave e non hai motivo para a alarma, pero convén tela en conta para frearmos a propagación.

Ademais desta, que outras enfermidades temos predominantes en Galicia?

Outras enfermidades dermatolóxicas, como a psoríase, neste caso xenética, son un chisco máis comúns na nosa comunidade que na media española ou europea.

Seguimos asistindo a epidemias de sarampelo (EUA, Gran Bretaña), con moitos nenos mortos. Como está a situación en Galicia?

As boas novas e que os galegos si somos moi disciplinados nas vacinacións; vímolos coas taxas de vacinación da Covid e coa inmunización do calendario vacínico dos nenos, de que temos unha das maiores coberturas do mundo e que evita, efectivamente, reaparicións de enfermidades de tempos pasados, como o sarampelo, que está reaparecendo entre comunidades inexplicablemente críticas coas vacinas.

Por toda esta carreira xa recibiches moitos premios. Hai algúns de que te sentes máis orgulloso?

Hai dous, o premio Profesor García Pérez da Academia Española de Dermatoloxía no ano 2011, quen, ademais, foi en vida un dos meus máis queridos mestres e mentores e que, aínda sendo madrileño, viña pasar os veráns a Cabeiro, en Porto do Son, onde tiña unha casa e a onde ía visitalo cada verán. Pero, sen dúbida, o galardón que máis aprecio é o premio Manuel Beiras da Cámara de Comercio e do Concello de Santiago por promoción da lingua galega outorgado no ano 2011.

Certamente a lingua galega parece que ten moita importancia para ti.

Unha persoa é, en realidade, a súa pel. Tamén o pelo, as unllas, os ollos, mesmo a altura é máis pel. E cando esa persoa nos fala o que percibimos é a súa lingua, o seu ton, o sotaque... Así que pel e lingua teñen moito que ver, e máis para min que son dermatólogo, xa que a pel é a miña materia de traballo, os vimbios cos que fago o meu pequeno queipo cotián. A nosa lingua é tamén un instrumento médico: o medio de pescudar e coñecer a realidade da saúde ou das doenzas, un vehículo de transmisión de coñecementos, remedios e bos hábitos de saúde e –tamén– un lazo de empatía entre o enfermo e o médico. En realidade, a palabra en si mesma pode ter de seu un valor sanador individual e –como non– social. Se o médico non entende a que se refire a persoa cando lle fala de que tivo un “furuncho” ou unhas “empinxas” ou unha “pezoña” ou unhas “negras”, malamente vai poder curala.

No caso da dermatoloxía ten un significado a maiores

O papel da palabra é clave nun ámbito que se move no fio da navalla da estética, a cosmética e a nova tecnoloxía láser de rexuvenecemento cutáneo. Xerar creto e confianza, dende o exercicio médico, neste eido de procura da saúde, de aspiración á beleza e á estética, é tamén crear lingua auténtica, real, sen imposturas, nun ambiente de traballo profesional, liberal e de marcado carácter científico.

E como ves o futuro da lingua?

Un dos primeiros traballos a prol da lingua é, precisamente, que haxa xente para falala: Galicia ten un serio problema demográfico e temos que ser quen de reverter ese proceso, fixar poboación e riqueza ó territorio, conseguir que os nosos científicos e doutores volvan, facilitar o emprendemento, mellorar as condicións de vida da nosa xente e ser mesmo polo de atracción económico e demográfico. Xa empeza a enxergarse algo dese futuro, produto, en certa medida, da globalización: temos xa pequenos galegos de orixe universal, suramericana, africana, asiática, que dá xenio e emociona escoitalos falar a nosa lingua.

Por iso remato co que comezaba: a lingua é a nosa pel, neste caso auditiva. Todos somos iguais e falamos unha mesma lingua (ou non...) e todos somos distintos e únicos.

Xá están aquí!!

Xa están aquí, cos dentes afiados, preparados, listos xaaa!... As verbas que máis se repiten son: “*puedo prometer y prometo*”, acórdaste... É o verbo máis-conxugado nestes días previos á votación, e se non espera e oirás!

Nestas xornadas haberá de todo, cal *boutique*... pois oiremos de todo, o que fixemos, importante, o que nos queda por rematar, ou, por outra banda, temos en mente levar a cabo isto, lo otro y *lo de venir*... Xóoo!!! Non, non te pases que eu tamén quero ser alcalde, por que non?, que a teta desta vaca dá para moito, e despois xa veremos en que acaba a festa... Un mar de incógnitas, dos que están, os que xa pasaron pola poltrona e lles quedou bo recordo, pois é moi confortable, e tamén os que aspiran, pois hai moito aspirante solto. E, claro, queren saber de “voto propio” como é... Mamá quero ser alcalde, hahaha. De repente ao neno espertoulle esa ansia que pensamos que non tiña, mais por intentalo que non sexa... Vamos, vamos, que milagres hainos todos os días, e pode ser a túa, meu rei!!, pois a mamá xa empeza a crelo, a fe move alcaldías, ha ha ha.

E, por outra banda, queremos referirnos ao proxecto de recuperar o río Tins, ao seu paso pola Serra: non chega a un km, e non chega un millón de euros para tal laboura, repartidos en tres anos; 50 millóns das antigas pesetas, que son moitos cartos para arranxar o paso do río, sacarlle catro especies invasoras, plantar dous ameneiros e sacar unhas herbiñas. Tanto capital...teremos que ver a desagregación das partidas, pero de primeiras séguenos parecendo unha animalada de cartos para tal destino nos tempos que corren... En fin, estaremos á expectativa....

Lusco e Fusco

ASÍ NON ...



Rampla dun pantalán de Broña...xa non serve.

ASÍ TAMPOUCO ...



Máis cartalaría metálica inservible.

NIN DE COÑA ...



Chatarra nos camiños, a 200 metros do Punto Limpo..

O Día da Muller no IES Poeta Añón

Coa ocasión do Día Internacional da Muller, o Instituto Poeta Añón organizou unha serie de charlas para o alumnado coa finalidade de dar a coñecer o mérito de tres mulleres en diferentes campos profesionais que deben servir de exemplo para toda a sociedade e, sobre todo, referentes para que as mozas que aspiran ao éxito profesional ou social vexan o camiño para logralo.

A primeira das charlas tivo lugar o pasado luns 6 de marzo e estivo a cargo de Pilar Neira, deportista que abriu camiño no fútbol feminino cando a sociedade non entendía que o fútbol tamén era cousa de mulleres e actualmente preside Mudega (Asociación de Mulleres Deportistas Galegas). Explicoulle ao alumnado do 1.º e 2.º da ESO como comezou a súa traxectoria como deportista, xogando ao fútbol en 1976 no Karbo C.F., equipo coruñés que logo sería absorbido polo Deportivo. Como futbolista acadou tres campionatos de España e dúas copas da raíña, ademais de participar en dous torneos de Cinco Nacións en que gañou o subcampeonato en Orleans (Francia). Pero ademais tamén foi xogadora de balonmán durante 19 temporadas no equipo feminino Balonmán da Coruña e unha das catro primeiras mulleres que acadou o carné de adestradora, que lle permitiu ser a primeira adestradora da selección galega feminina de fútbol, papel de que se sente especialmente orgullosa.

O mesmo día, María Mayán Santos, xefa do grupo CellCOM no Centro de Investigación Biomédica do Hospital da Coruña, que actualmente traballa no papel das conexións celulares e como estas poden afectar o desenvolvemento dalgunhas enfermidades, así como na busca de novos fármacos



Mª Xosé Alfonso, directora do IES Poeta Añón (esquerda), con Pilar Neira (dereita).

para o tratamento de diferentes tipos de cancro e enfermidades articulares, falou para o alumnado do 3.º e 4.º da ESO sobre o papel das mulleres na ciencia ao longo da historia e no momento actual, dando a coñecer científicas actuais como Marisol Soengas, Emmanuelle Charpentier ou Jennifer Doudna, entre outras. Pero tamén contou as dificultades que aínda teñen as mulleres para acadar postos de liderado na carreira científica, da fenda salarial, da falta de referentes de mulleres científicas e da importancia de que a igualdade sexa demandada tanto por mulleres coma por homes.

Por último, o día 8 de marzo, Bárbara Romani, capitá da Mariña Mercante que exerce como delegada-inspectora que leva os portos de toda a costa galega, a única muller en ocupar semellante posto, compartiu co alumnado do 3.º e 4.º da ESO a súa experiencia vital, o porqué e como chegou a ser capitá da Mariña Mercante, e animou ao alumnado a que estudase e traballase para poderse adicar ao que lle guste, sen deixar que o freen prexuízos e a idea errónea de que hai actividades de homes e actividades de mulleres. A charla rematou cun participativo alumnado preguntando curiosidades do mundo dos grandes barcos.



Charla de Bárbara Romani

RECEITA

TORTA DE CENORIA OU CARROT CAKE

Ingredientes:

- 250 g de fariña
- 2 culleradas bicarbonato
- ½ cullerada de lévedo en po
- un chisco de sal fino
- ½ cullerada de canela moída
- 200 g de azucre branco e 200 g de moreno
- 300 ml de aceite de xirasol
- 4 ovos, 300 g de cenorias reladas
- 4-5 noces picadas

Ingredientes para o glasado exterior:

- 500 g de Philadelfia
- 2 culleradas bicarbonato
- ½ cullerada de lévedo en po
- un chisco de sal fino
-

Elaboración:

De primeiras poñer o forno a 175°, papel de cociña no molde e relar as cenorias.

Nun bol mesturamos ben a fariña, o bicarbonato, o lévedo, o sal e a canela.

Bater os ovos e coalos a outro bol e mesturamos todo xunto co aceite e os dous azucres. Que se combine ben a masa.

Facendo uso dunha espátula fusionamos os ingredientes dos dous boles ata conseguir unha textura homoxénea e suave, e de seguido engadímoslle a cenoria e as noces.

Verter a resultante no molde e fornear entre 30-40 minutos, sempre controlando e picando cun escarvantes o biscoito; cando saia limpo será o momento de arrefriar o molde sobre 15 minutos.

Mentres tanto, bateremos o queixo e a manteiga ata conseguir unha pasta cremosa e coa mesma engadir o azucre glas ata que estea integrado.

Faremos dúas partes horizontais do biscoito, e verteremos parte do glasado e as noces, e coa restante cubriremos a parte superior, deixando na neveira por uns días para que se consoliden os ingredientes e así poder desfrutala mellor nos padais esixentes.

Julia Seijo



LECTURAS RECOMENDADAS

O VERÁN NO QUE MIÑA NAI TIVO OS OLLOS VERDES

Tatiana Țîbuleac

Rinoceronte Editora, 2022

A autora moldava Tatiana Țîbuleac, licenciada en Xornalismo e Comunicación, publica esta novela en 2017 coa cal obtén varios premios e que foi traducida a varios idiomas.

“O verán no que miña nai tivo os ollos verdes” está escrita en primeira persoa e a trama está centrada na relación que mantén o protagonista, o adolescente Aleksy, coa súa nai. El mantén un vínculo de odio e trato tóxico cara a ela. A través dos escritos de Aleksy (por prescrición do seu psiquiatra como terapia) coñecemos os acontecementos que se suceden no último verán de convivencia e a transformación que xurde entre eles.

A irreverente e insociable personalidade do protagonista vén marcada por unha infancia tortuosa con causas demoledoras como a morte da súa irmá ou o maltrato paterno que derivan no inevitable desequilibrio mental. Así, lemos episodios cunha boa dose de fantasía, oníricos, mesmo poéticos, que serven para o desfrute e “relaxación” dos e das lectoras. Deste xeito, a autora adéntranos no sufrimento do protagonista e “padecemos” os efectos da súa tolemia, onde asistimos a momentos entre nai e fillo cunha considerable carga de violencia e situacións extremas.

Toda a novela ten un marcado estilo irónico e mesmo chega a ser cruel mais a autora rebaixa o ton do relato con apuntamentos de humor negro. Os acontecementos máis delirantes acentúan a peculiar personalidade do protagonista, que se enfronta deste xeito á súa condición mental.

A vila estival de Francia onde se sitúa a obra é un escenario imprescindible para a historia, un contorno propicio para que xurdan os cambios; parece que o lugar funciona como método terapéutico. A casa de alugueiro e os campos que a rodean, o camiño dende a casa á vila, os caracois, as feiras, a praza da igrexa, a tenda... son localizacións que, cos correspondentes habitantes como actores secundarios (personaxes excéntricos pero moi interesantes), exercen na nai e no fillo unha influencia propicia para transformar a relación materno filial: “Fose o que for, ou fose quen for, aquel lugar atrapárame e comezara a reterme coma o ventre acolledor dunha boa constritor”, cita literal do protagonista (páx. 33).

O verán no que miña nai tivo os ollos verdes é unha historia moi dura que pon enriba da mesa un tema que hoxe en día está moi vixente, como é a problemática da saúde mental e o que supón para as relacións familiares e sociais. Unha novela conmovedora mais tamén incómoda

Lidia Vicente



BAR TINES

20 ANOS CON
MANUEL GUMERSINDO TOMÉ ANTELO

Caía o mes de abril do ano 2003 na rúa da Capela, á beira da praza do Bosque, un profesional da hostalaría que xa tiña uns anos debullados no sector cando tomou as rendas do Bar Tines, da Serra de Outes.

Ao longo destes 20 anos pasaron moitas cousas, boas,

malas e regulares. De trato desenfadado, o xerente Manu, como coidan chamarlle os seus clientes e amigos, afirma que lle gusta o seu traballo, pois é algo que leva facendo dende moi novo, dende a súa xénesse alá pola Suíza, seguido de Barcelona e, como antesala do Tines, nun bar de Noia xunto cunha sobriña.

A súa vida foi a hostalaría, mais todo cansa, pois son moitas madrugadas, ás 7 da mañá xa anda xirando cafés, mentres outros dormen, comenta con sorna.

Aínda que o local xa era coñecido de anos antes, pois pasaron uns cantos polo seu timón, a súa etapa vén sendo a máis duradeira no tempo.

Xastre



PRESENTACIÓN DO PROXECTO RENATUR

O pasado 3 de marzo, na Casa da Cultura de Outes, deuse a coñecer á veciñanza de Outes o proxecto Renatur, que ten como obxectivo a renaturalización e recuperación para a cidadanía do tramo fluvial urbano do río Tins e está financiado pola Fundación Biodiversidad, do Ministerio para a Transición Ecolóxica. O acto contou coa presenza das máximas autoridades universitarias da Galiza: D. Julio Ernesto Abalde, reitor da Universidade da Coruña; D. Manuel Reigosa, reitor da Universidade de Vigo; D. Antonio López, reitor da Universidade de Santiago de Compostela; xunto con Angel Miramontes, director do CEER (Centro de Estudos Eurorrexionais de Galicia- Norte de Portugal) e Xoán Evans, da Fundación Montescola, ademais do alcalde Manuel González e a concelleira Alba Quintela.

Este proxecto, liderado polo Concello de Outes, coordinado polo CEER e que contará como socias e socios activos con persoas expertas das tres universidades galegas e da Fundación Montescola, dispón dun orzamento de 908.800 € para desenvolver ao longo de tres anos (de 2022 a 2025) actividades de fomento da biodiversidade asociadas ao río Tins ao seu paso polo núcleo urbano da Serra, coa creación de illas de biodiversidade, asentamentos de coleópteros, propagación de fentos termófilos, accións de recuperación do bosque de ribeira, eliminación

de especies exóticas invasoras, limpeza do río, accións de formación e divulgación á poboación da contorna, de voluntariado ambiental e de participación pública da cidadanía (actividades de ciencia cidadá, actividades de coñecemento do medio, rutas medioambientais, xornadas de plantación de bombas de biodiversidade, talleres con escolas, asembleas de información cidadá etc.). Esta estratexia de renaturalización irá acompañada dunha reordenación e integración do espazo fluvial que reduza o risco de inundacións.

Pechouse o acto cunha plantación simbólica de especies autóctonas (ameneiros, freixos) que contou coa colaboración do alumnado do colexio da Serra.



Intelixencia artificial e cultura:

Sobre a relación das novas tecnoloxías co traballo humano.

Luís del Río

1. Introducción:

Para moitas persoas o ano 2022 pasará á historia como o ano en que se deron a coñecer as intelixencias artificiais (IA), e isto sen prexuízo de que xa leven facendo barullo no mundo da ciencia dende hai anos. Efectivamente, malia que é esta unha tecnoloxía que se comezou a desenvolver a partir dos anos 50, non foi ata hai pouco que se atoparon aplicacións prácticas que implementasen o seu uso mellorando mecanismos existentes e non foi ata aínda máis recentemente que se democratizou o seu acceso, feito este que supuxo unha expansión do seu coñecemento.

Hai diversas IA que se poden empregar cunha interface sinxela de maneira gratuíta, pero está fóra de toda dúbida que as que máis impacto e debate xeraron son as de creación de imaxes, e é este o motivo de que sexan as aquí tomadas como referencia para tratar un debate relativo ao seu impacto e aplicación que é extensible a outras materias.

2. IA: unha aproximación breve á súa significación técnica.

2A. Concepto.

O termo IA refírese a capacidade dun mecanismo computacional de realizar tarefas propias da intelixencia humana, o que xa de por si é difícil de delimitar, e máis aínda cando se inclúen funcións, como razoar, aprender ou relacionarse coa súa contorna, que non son exclusivas da nosa especie.

Deixando de lado esta cuestión, preséntase a dúbida de saber como se fai isto e que diferenzas ten con respecto á informática *tradicional*, o que imos deixar que responda un *cadro de diálogos* que funciona por medio dunha IA: o chat GPT, da empresa OpenAI.

Escribo: “Que diferenza a IA da informática tradicional?”.

E a IA responde: “A IA e a informática tradicional son dous campos relacionados pero distintos. A informática tradicional céntrase no desenvolvemento de software e tecnoloxías da información que permitan automatizar procesos e resolver problemas de forma eficiente. A IA, pola súa banda, céntrase en crear sistemas que poidan imitar ou superar a intelixencia humana. A principal diferenza é o foco na intelixencia.

Mentres que o un se centra na eficiencia e na automatización, o outro faio na aprendizaxe e na toma de decisións autónomas.”

2B. Fundamento e clasificación.

Para chegar a esta realidade empregáronse bases de datos inmensas combinadas coa creación das chamadas *redes neuronais*.

Estas redes son modelos matemáticos que se artellan en nodos chamados neuronas artificiais, que son simples funcións que filtran datos positivos. Existen diversos modelos de redes normalmente clasificadas por niveis, onde as neuronas se conectan con maior ou menor intensidade segundo se desexa procesar a información, permitindo crear unha estrutura moi complexa.

As diferentes maneiras de funcionar dunha rede determinan a aprendizaxe da IA (como a supervisada, non supervisada ou por reforzo).

3. IA: aplicacións prácticas e dilemas morais.

3A. Contextualización coas IA de creación de imaxes.

Deixando á marxe as cuestións técnicas (introducidas para o debate

que se vai tratar), o certo é que cada vez as IA son máis facilmente accesibles e empregables, e en cada vez máis eidos.

Tal e como xa se aclarou, para delimitar un enfoque práctico, colleranse como referencia as IA de creación de imaxes.

Estas funcionan collendo como referencia padróns, que disgregan, chegando a desprender a esencia que subxace á súa configuración. Dito doutra maneira, abstraen conceptos, composicións e estilos, o que lles permite, *a posteriori* e sen vinculación cunha imaxe en concreto, desenvolver outras novas total e absolutamente orixinais.

Na práctica, isto supón que, redactando un *prompt* (indicacións escritas) nun servidor, se xeren un par de fotografías segundo a descrición dada, incluíndo o que se desexa ver, en que acción, e mesmo en que estilo (como unha fotografía realista, uns monicreques de plastilina ...), e todo nuns segundos e mesmo permitindo modificar os resultados provisionais.

No ano 2022, as de máis sona foron 3, a saber: *Dalle.2*, *MidJourney* e *StableDiffusion*.

3B. O conflito cos artistas plásticos.

En decembro de 2022 naceu no foro ArtStation un movemento dun grupo de artistas abandeirados co lema No AI generated images que, como este indica, se opoñen á democratización no emprego desta tecnoloxía.

Ao seu entender, esta ferramenta debería estar limitada e regulada, considerando unha serie de ideas que intentarei recoller de xeito xenérico.

En principio, o seu argumentario máis forte baseouse nos seguintes puntos:

1. A arte creada por IA non é arte.

2. A arte por IA é un roubo para os artistas.

3. Os deseñadores do futuro quedarán sen traballo e, por ende, non existirá a arte.

Este comportamento é comprensible pero coido que equivocado, e agora explicarei por que.



Imaxe creada cunha descrición do autor do artigo en MidJourney.

3C. Rebatendo as críticas contra a arte das IA.

Sen poder dedicar moitas liñas a este asunto, penso que esta oposición nace da constatación dunha cousa: con tecnoloxías como estas non sempre vai ser preciso facer un encargo a unha persoa, o que fará que un certo grupo de xente perda estes traballos.

Sería mentir dicir o contrario, tal como na historia aconteceu de xeito constante. Así, cando se inventaron as máquinas industriais houbo traballadores que deixaron de necesitarse. Cando se creou a fotografía houbo retratistas que deixaron de ser precisos. Cando se inventaron as gravacións e os altosfalantes houbo músicos que xa non eran chamados. E en ningún dos casos creo que isto fose para mal.

Nas fábricas mecanizadas non fai falta que un obreiro cobre un salario mísero por expoñerse a unhas condicións laborais perigosas e nocivas, e iso permite dedicarse a outros labores máis necesarios. Coa aparición da fotografía, a pintura buscou novas formas de expresión, dando pé ás vangardas e mesmo ao hiperrealismo (irónico, non si?). Coa invención dos altosfalantes e as gravacións, o coñecemento da música medrou exponencialmente, facendo que o seu contido se expandise a novos estilos e artistas, que nunca terían acceso a unha aprendizaxe antes limitada a gremios ou a elites sociais. Nunca na historia da humanidade se produce e se aprende tanta música como hoxe en día.

Quixen empezar coa última das reivindicacións porque coido que é a máis honesta, pero tampouco estou nada de acordo coas outras citadas.

Retomando a idea de que as imaxes creadas non son arte (termo que vén do latín *ars*, como creación, habilidade ou industria), hai que suñar un feito: é difícil establecer unha definición unívoca pero é doado desprender a súa utilidade práctica.

Que se busca entón coas artes gráficas? Representar unha imaxe evocadora, que dea contexto a unha indicación ou que dispoña plenamente del por si mesma.

Cunha definición humana e limitativa da arte habería que desbotar as IA do concepto, pero ao mesmo tempo poderían valer para o mesmo.

Ademais, non poder catalogar algo como arte non implica que non teña valor, como acontece ao admirar unha paisaxe, que existe así sen ningunha acción creativa estritamente humana.

Por último, habería que falar sobre a idea de que as IA crean imaxes roubando aos artistas.

Aproveitando a explicación dada, dicir que facer un debuxo propio co estilo dun artista é copiarlle é case absurdo, á altura de dicir que entre humanos non se puidesen copiar trazos, cores ou formas. Brevemente: penso que querer apropiarse de conceptos e estilos é froito dun grande egoísmo e individualismo que esquece por completo o saber como algo colectivo.

3D. As IA como novo horizonte de creatividade.

No sentido en que xa aconteceu ao longo da historia, coido que estas facilidades non fan máis que abrir novos horizontes á creatividade humana, permitíndolle chegar a onde non podería. E é que a creatividade, se é verdadeira, non está limitada a un medio.

Por exemplo, hai algunhas IA que permiten recoller como entrada un bosquejo con trazos simples ao que se engaden unhas indicacións que levan a unha saída mellorada.

Unha aplicación disto podería darse (nun futuro) para permitir que alguén que non é debuxante poida facer unha banda deseñada con trazos rápidos, de por exemplo 400 páxinas, para despois pasalo por unha IA que faga de todas as viñetas, por exemplo, un cadro do estilo de Caravaggio, algo que na realidade sería absolutamente imposible por unha cuestión de tempo.



Imaxe creada cunha descrición do autor do artigo en MidJourney.

E isto falando dun sector moi concreto, co que se pode dicir que as novas posibilidades para o enxeño son desbordantes.

3E. O emprego das IA para a proxección cultural galega.

Na actualidade, a cultura do noso país non está pasando polas súas mellores épocas pero, hai que ser realistas, a Internet potenciou ao longo da última década unha resistencia que se pode apoiar en novos medios como estes.

As redes sociais amosaron ser un catalizador de neofalantes e, así, pode dicirse que o galego conseguiu superar a primeira barreira da sociedade contemporánea: existir na rede.

Así e todo, estes novos medios tamén implican novas barreiras que ata agora se lle presentaban adversas, como a constatación de que para triunfar nas plataformas fosen necesarias grandes audiencias, sen as que non se monetiza, o que supuxo que só se puidese dedicar en exclusiva a elas quen chegase a máis público, o que se fai por medios con máis destinatarios (como o castelán).

Evidentemente isto é só unha introdución, pero que leva a unha conclusión: mecanismos como os que brindan as IA permiten poder alcanzar resultados de calidade aforrando traballo humano mecánico, tempo e cartos.

En definitiva, aproveitar estes recursos dende a nosa óptica a pequena escala non fará máis que axudar a poder manifestar a nosa modesta cultura a un nivel competitivo sen necesidade de produtoras, financiamentos e favores persoais.

3F. Os verdadeiros conflitos das IA.

Ao longo deste texto trouxéronse a colación unhas liñas argumentais que se trataron de xeito superficial e, como pasa cando se fai isto, a realidade amosa ser máis complexa.

Faise así necesario algún matiz, como o é remarcar que as IA si traerán verdadeiros conflitos morais e éticos, entre os que se encontra saber se poden acabar alcanzando consciencia ou se poderían levar a cabo tarefas de responsabilidade como de triaxes nun hospital ou nas emerxencias.

Porén, non hai progreso que non traia novos retos e, sabendo isto, desbotalos por futuribles imprecisos é, na miña opinión, un atranco ao saber e á ciencia que hai que abandonar.

Xantares Galegos 2023

X.M.V.Luhia-Especht



Un ano máis por estas datas é típico e todo un tópicos largar un bo bocido e, nesta ocasión, no restaurante Bemaro en Tordoia, a uns 35 km de Santiago. Alí nos xuntamos unha parte do persoal da O.T. Correos de Bertamiráns e asimilados doutros ministerios, empezando pola xerarquía, a nosa xefa Julia, Xosé Antonio, as dúas susanas, Manola e Desi, Angie, Esteban, Isabel e Juan, Eva, Roberto, Sonia, Adrián, Celsa, Flor, Otilia e Xosé Manuel, Cris e Xulio, Sonia, Mosquera, Iván e Loly, Dina, Xosé Antonio, mais a nosa Rocío xunto con Edu e Conchi cerrando a táboa dos padais máis esixentes. A xuntanza incluía unha pequena andaina voluntaria, onde nos apuntamos a metade do cadro para percorrer os 16 km de ruta dende o embalse de Vilagudín ao dolmen de Cabaleiros.

Sáimos arredor das 9,30 e xa había que buscar o soliño, pois na sombra marcaba 1 grao e topamos zonas en que aínda a terra vestía de branco. O primeiro punto de interese topámolo en Pedra Longa, tres pedras moi grandes con doazón incluída. Seguimos vendo pequenas carballeiras intercaladas entre millóns de eucaliptos plantados ao cordel como se dun desfile militar se tratase.

De súpeto, á maioría entrólle a curiosidade por ver a ferveda no río Bustelo, unha fervenza, mais - entschuldigung!!- vista a do Ézaro, pa que?.. en fin. Topamos co cruceiro de Santa Susana, co encoro de Vilagudín e un par de capelas máis. Para daquela xa nos quedaba pouco para chegar ao dolmen de Cabaleiros, en solo urbano e a pouca distancia do punto de inicio.

Tan pronto chegamos, as ansiadas cervexas fixeron aparición e de seguido fómonos cambiando, pois o trato era disfrazarnos, poñendo un toque carnavalesco na xornada, aínda que non foi seguido por todos os asistentes, mais os que si o fixemos... cumprimos. Faltaban os peliqueiros (he he), pois enchemos o local de piratas, algún cardeal con preñada incluída, estudantes, un Popeye sen Olivia, Mario e Luigi Bros, pitufos e felinos, bolboretas e ata un Felipe II confundido con Cervantes. En fin... para repetir, mais nin que dicir que é todo un pracer como sempre compartir o meu tempo convosco!!



Cen anos e un día

(Homenaxe a Manuel Murguía, ao Seminario de Estudos Galegos e a Francisco Fernández del Riego)

Ramón Blanco

Veñen cadrar neste 2023 a conmemoración de dous importantes centenarios (o do falecemento de Manuel Murguía e mais o da creación do Seminario de Estudos Galegos) coa ocasión de lembrar a Francisco Fernández del Riego dedicándolle o Día das Letras Galegas. Certamente pode parecer normal esta conxunción, nunha cultura tan dada ás homenaxes despois de vivo e que só comprometen o calendario. No entanto, ninguén pode negar o mérito destas figuras, cuxo traballo individual e colectivo deu grandes froitos e empresas, non só en canto á produción cultural, senón tamén no relativo á creación dunha rede institucional, de resistencia se se quer, que aínda nos vertebra. E este proceso, no esencial, tamén se estendeu durante outro cento de anos, como veremos.

Manuel Antonio Martínez Murguía (1833-1923) formou parte da recoñecida como segunda xeración provincialista (na primeira inclúese Francisco Añón), que opera mediada a decimonónica década dos cincuenta (Aurelio Aguirre, Eduardo Pondal, Rosalía de Castro...). Liberal e progresista, erudito historiador e incesante activista en diversas empresas periodísticas, dedicará a súa vida á dignificación de Galiza. Dentro do seu proxecto tamén promocionou a nosa expresión poética, alentando a obra e a imaxe pública da propia Rosalía, coa que casara en 1858 e da que enviuvou en 1885. Conseguiu arrimar ao incipiente galeguismo tanto o sector federalista (Aureliano J. Pereira) como o tradicionalista (Alfredo Brañas). A consolidación do rexionalismo foi o seu gran logro político. En 1890 funda a Asociación Regionalista Gallega, a primeira organización política galeguista da historia. En 1899 (na obra *El Regionalismo*) xa fala da nación galega no Estado español. A creación en 1905 da (Real) Academia Galega, que presidiu até a morte, foi o seu derradeiro e grandioso logro institucional.

Moitos anos despois será un novo presidente da RAG quen consiga modernizala e mesmo democratizala, no mandato comprendido entre 1997 e 2001. Estoume a referir, desde logo, a Paco del Riego. Xa el fora, como é sabido, quen tivera a idea, en 1963, de celebrar un Día das Letras Galegas, sendo Rosalía de Castro a primeira homenaxeada, e optándose polo día 17 de maio por ser a data consignada na dedicatoria de Cantares Gallegos, que era á vez a data de aniversario do propio Murguía. Pois non menos activista ca o vello patriarca foi Francisco Fernández del Riego (1913-2010). E foino, sobre todo, en época non menos adversa para as posicións galeguistas, xa que na peor década do franquismo promove, por exemplo, o efémero "Suplemento del Sábado" do xornal compostelán *La Noche*; un ensaio de resistencia previo á empresa máis notoria: o proxecto editorial *Galaxia*, solución culturalista que viña substituír, en 1950 (o mesmo ano da morte de Castelao), o labor que fixera o Partido Galeguista. Era parte da reconstrución e desenvolvemento dos nosos sinais de identidade cultural, como tamén o eran a reapropiación da Real Academia Galega ou a formación do Patronato Rosalía de Castro (nos que tamén tivo protagonismo). E aínda debo destacar o ano 1963 como un dos máis importantes neste proceso de institucionalización, non só polo Día das Letras, senón tamén porque é cando se crea a Fundación



Real Academia Galega, adaptada

Penzol (tamén no mes de maio, o día 5) e outros fitos cuxo relato estendería demasiado este artigo; non fai falta dicir que del Riego foi tan fundamental na Penzol como en *Galaxia*: el era o verdadeiro "peón" da editorial, con impecábeis xestión e disciplina, desbordando as funcións de "secretario no consello de administración", e a el debemos boa parte da reconstrución do sistema literario galego; sempre arriscando, xa desde os inicios da guerra civil, cando recibía a diario ameazas telefónicas: "Señor Fernández del Riego, ¿sabe usted que está viviendo con permiso del enterrador?". Aínda deixando á parte a súa produción escrita, talvez ninguén mereza máis ca el un Día das Letras Galegas.

Paco del Riego formou parte das últimas xeracións galeguistas que tiveron que exercer os seus ideais nas peores épocas imaxinábeis. Paradoxalmente tamén foi das primeiras que enxergaron a posibilidade da patria soñada. Pertenceu el aos colectivos máis comprometidos que deron aqueles anos. As Mocidades Galeguistas (e o Partido Galeguista) moldeáronlle a visión política; o Seminario de Estudos Galegos (e o Grupo Nós), a pulsión intelectual. O SEG (1923-1936) foi a institución científica que faltaba en Galiza. Fundado por brillantes universitarios (Lois Tobío, Fermín Bouza Brey, Xosé Filgueira Valverde, Ramón Martínez López, Xulián Magariños...), algo maiores ca del Riego, na Casa do Castro de Ortoño, vinculábase así consciente e sentimentalmente á lembranza de Rosalía de Castro, xa inseparábel da de Murguía. Novamente un proxecto ilusionante e interxeracional, como ten que ser. Un diálogo prolongado durante máis de cen anos, que non temos dereito a reducir a un único día.

A Sombra

Primeira parte



A tempestade sorprendeu a Robin Kelly a camiñar polo bosque. A negrura do ceo precipitou a chegada da noite. Robin gañaba a vida como quincalleiro, vendendo abelorios e herbas medicinais de poboación en poboación. Acudía ás tabernas, ás pousadas, ás feiras, a calquera lugar concorrido para gañar unhas moedas con que poder beber e subsistir aos seus miserábeis días. Mais ese ano unha terrible fame sacudía o país e tivo que se afastar das comarcas que frecuentaba na procura de zonas menos deprimidas onde continuar o negocio.

Aquela noite infernal, moi lonxe xa de calquera paraxe coñecida, camiñaba por un pequeno carreiro arredado do camiño real. Coa chegada do solpor considerou conveniente separarse das rutas en que podía toparse cos carabineiros, para evitar que o detivesen por osmón. Acostumado a sobrevivir dous días cun carrocho de pan negro e durmir nas cortes dalgũa pousada a troco de pequenas angueiras, o bosque non era mal sitio para pasar a noite. No entanto, a tormenta viñera estragarlle os plans. Comezou cuns afastados e continuos raios, producidos por unhas opresivas nubes negras, acompañados dunhas grosas gotas de auga que anunciaban unha tempestade xigantesca. Por primeira vez en moitos anos sentiu o medo e a soidade. Degoiraba achar unha luz no horizonte que revelase signos de civilización e compañía. De súpeto desencadeouse unha choiva torrencial que o estaba enchoupando até os ósos. Unha axada de vento ripoulle o chapeu da cabeza sen que Robin fixese o máis mínimo esforzo para recuperalo.

Ás súas costas deixaba un inmenso horizonte de escuridade que lle impedía recuar. Apuraba o paso á espera de achar un lugar onde se acubillar daquel diluvio. Se non podía ser unha aldea, un celeiro abandonado era unha opción aceptábel. Agradecía o estrépito dos tronos, porque lle lembraban que non estaba só no mundo. O resplandor dos lóstregos axudábano para non perder o camiño, cada vez máis confuso polo efecto da lama. A marcha figurábaselle por instantes imposible. O bulleiro obrigábao a andar con dificultade. As botas que calzaba, escalazadas

Manel Monteagudo

por centos e centos de millas percorridas, non evitaban que a auga lle enchoupase os pés. Estivo tentado de regresar ao camiño real. Pasar a noite no calabozo era unha perspectiva agradábel en comparanza co que o agardaba. Mais era tarde. A cortina de auga e a noite fechada imposibilitaban achar un camiño de volta. Sen ningunha referencia para se orientar, corría o risco de se perder naquel bosque inmenso e desolado, o que significaría a morte certa. Poderían transcorrer semanas sen achar unha saída. Non había outra opción que avanzar e avanzar polo carreiro que xa non vía, mais que a ausencia de árbores deixaba intuír. Decidido a non abandonar a única ruta, que case non podía ver, continuou a andar atarecido de frío e desfalecido por unha fame atroz.

Lonxe de acalmar, a borrasca recuaba. Os pensamentos de Robin tornáronse lúgubres. Creu que chegara a súa hora. Era un home novo e forte, mais levaba andadas doce millas e non comera en todo o día. As forzas comezaban a fraquear. Estivo tentado de alixeirar peso no camiño: a lordenta bolsa en que gardaba as insignificantes lilainas con que comerciaba. Mais abandonar todo o seu patrimonio equivalía a varios días de fame. De improviso, a luz dun raio, seguido dun estrondo valente, alumeou o que semellaba un conxunto de casiñas. O corazón deulle unha reviravolta. Aferrouse á vida con todas as forzas de que era capaz. Coa incerteza de se se trataba dunha especie de miraxe, agardou a chegada doutro lóstrego. As súas esperanzas confirmáronse. A uns centos de metros divisábase un mísero burgo. Un pequeno oasis rural dentro da inmensidade do bosque. Unha ledicia salvaxe asolagoulle a alma. A súa poderosa zancada levouno en escasos minutos á poboación.

O que facía ás veces de rúas eran torrentes de auga que lle cubrían máis alá dos nocellos. En ningunha casa se vía luz. Non lle importaba demasiado se as xentes dese lugar emigraran ás cidades na procura de mellor fortuna, forzaría calquera porta. Non sería a primeira vez. Con todo, non foi necesario. Á beira dunha casoupa en extremo humilde, percibiu as luces dunha pousada. Sen o pensar nin un instante, entrou nela. Temía que estivesen a punto de fechar e ter que volver á tarefa de procurar refuxio. Ao abrir a porta estrañouse. Acolleuno unha calor e un número considerábel de xente que bebía e lareaba animadamente. Os máis deles eran labradores e carreteiros que, após o esgotador día de traballo, acudían á fonda chamada “Lobos e Cordeiros” para beberen cervexa e queceren ao abrigo do lar que o dono sempre tiña a punto.

A Robin non lle escaparon os ollares receosos que lle dirixían. Un forasteiro de aspecto esfameado en horas intempestivas non era moi bo presaxio. Mais o estado lamentábel do acabado de chegar, ou a estatura e bos puños con que contaba, calaron calquera comentario adverso que contra el puidese ser feito.

Finxindo non reparar na hostilidade que a súa presenza xeraba, achegouse ao mostrador. Por fin un teito, unha especie de burbulla confortábel onde non chegaban as bategadas crueis da choiva e o frío. Non era a antipatía que puidesen sentir por el o que o preocupaba, senón o baldeiro do estómago e o entumecemento dos membros. Tiña unhas poucas moedas con que pagar un lixeiro refrixerio. Sacounas da bolsa

que agochaba nun dobre peto do abrigo, pousounas encol do mostrador e interrogou o pousadeiro.

–Veño de moi lonxe e teño un pouco de diñeiro. Que me servides con isto?

–Chégavos para dúas canecas de cervexa, carne seca e manteiga de porco –respondeu o pousadeiro con máis amabilidade da agardada por Robin.

–De acordo. Agardarei xunto ás chamas, se non vos importa; teño a roupa como a lama.

–Sírvovos logo.

E dando ordes á súa muller para que preparase a cea do forasteiro, acenoulle co dedo cara ao lugar en que debía acomodarse.

O ambiente do local non podía ser máis acolledor. O ar, irrespirábel en diferentes circunstancias, atopouno cálido. A mestura de fumes provenientes de incontábeis pipas, xunto co ulido desprendido polos viños e licores que consumían os clientes, en lugar de molestarlle, parecéronlle entrañábeis.

Ao que lle serviron a comida, devorouna con fruición, co apetito propio dun náufrago; e a primeira cervexa, que lle pareceu excelente, apurouna en dous interminábeis grollos. Co ánimo repostado e saciada a fame, dedicouse a observar os aldeáns en canto se deleitaba saboreando a segunda caneca.

Os ollares de esguello desapareceran e cadaquén retomou a conversa que o ocupaba, case todas relacionadas coa horribel tempestade que seguía en pleno auxe. A pousada estaba aprovisionada para resistir un asedio. Pese ao escaso refinamento dos que a visitaban, era doado observar que os donos a mantiñan en completa orde e maior limpeza da que cabía agardar. Das paredes colgaban mil e unha argalladas de cociña. Enriba do mostrador resaltaba un grande corno, tallado en madeira, repleto de manxares. Robin decatouse de que, malia a humildade daquelas persoas, entre elas reinaba un ambiente de camaradaxe envexábel. Homes e mulleres, novos e vellos, parecían esquecer naquela fonda as tristes penurias que cada día lles traía.

Un vello, que fumaba na súa pipa o que parecía veneno en vez de tabaco e ao que Robin non lle puido apreciar nin un só dente, exclamou en voz alta:

–Non lembraba tormenta igual, se mesmo parece que vaia abrirse o ceo.

–Fállavos a memoria, vello Arthur, seica non lembrades o día que é? –replicoulle unha moza do servizo da pousada.

–Si –engadiu a muller do pousadeiro, que despois de servir a cea de Robin sentara ao pé do lume da lareira–. Hoxe é o trinta e un de decembro, e a tempestade acode esta noite fiel á súa cita dende hai vinte anos.

Como se dunha invocación se tratase, as palabras da pousadeira causaron o mutismo absoluto nos presentes. Por uns instantes, Robin percibiu nos rostros desgastados polo sofrimento... o medo. Un medo irracional que eles sentían no máis profundo das almas. O momento solemne rompeuno un individuo de rudo aspecto, cunha cicatriz que ía dende a orella até a queixada. Dirixiuse ao dono da pousada.

–Señor Murphy, o noso visitante desta noite non debe de estar ao corrente dos sucesos aquí acontecidos hai vinte anos. Importaríavos, unha vez máis, narralos para que todos os escoitemos e o quincalleiro coñeza a historia terríbel que tanto nos atemoriza?

Murphy fora mariñeiro na súa xuventude e acadara na comarca certa fama de narrar historias polo xeito especial con que o facía. Case sempre versaban sobre asuntos relacionados co mar e as viaxes e, nalgunha ocasión, sobre lendas, contos de meigas e fantasmas, feito este que as adornaba cuns detalles tan interesantes que conseguía captar o interese de quen as escoitaba. E, como as noites en que xurdía a posibilidade de narrar un conto a clientela alongaba a estadia e consumía máis cervexa, nunca puxo reparo ningún en repetir a historia, pois a recadación ben o agradecía.

–Ben, todos a coñecedes de sobra e non sei se ao señor o pode importunar a miña charla –dixo a ollar para o quincalleiro.

–Non, non –respondeu Robin–, ao contrario, paréceme moi interesante. Estarei encantado de coñecer que misterio se agocha detrás desta tormenta aterradora. Falade, por favor.

Un trono abouador veu en axuda de Murphy. Os elementos ían contribuír cos ingredientes necesarios para manter a audiencia consumindo unha hora máis. Sen que Robin puidese dicir como nin cando, viuse do pé para a man rodeado de cantos visitantes tiña a taberna, que se amontoaran á súa volta, para se infundiren valor uns a outros, abandonando as mesas que ocupaban anteriormente. A maioría escoitara a Murphy contar esa mesma historia unha chea de veces e inda así todos gardaban un silencio sepulcral, agardando impacientes que Murphy tivese a ben comezar.

–Escoitádesme todos se falo dende aquí? –preguntou o pousadeiro.

–Escoitamos –respondeu a audiencia ao unísono.

–Ben, comezo entón –Murphy acendeu a pipa e principiou.

–Hai tempo veume pedir aloxamento un mozo de aspecto enigmático.



Chamábase Sean O'Neill, ou así rexistrou o seu nome no libro. Delgado como xamais vira a ninguén e coa cara moi pálida, adivinábase que levaba sen comer moito tempo. Contaba cunha altura notábel e tiña movementos desgairados que lle daban certo ar sinistro, se ben empregaba modais refinados e falaba cunha educación impropia da súa figura extravagante. Enseguida sospeitei que non viña á comarca a nada bo, mais, por estraño que vos pareza, pagoume por adiantado e non entra nas miñas obrigas pescudar a vida de ninguén. Taciturno e de poucas falas, pasaba o día encerrado no aposento, saíndo ao anoitecer sen que ninguén puidese determinar a que se dedicaba nin a que obedecía unha conduta tan estraña. Sen estar no meu ánimo vixialo, debo confesarvos que lle ordenei á serventa encargada de limpar o cuarto que me informase en caso de atopar indicios de actividades pouco honrosas. O último que desexo é albergar individuos que traían problemas á miña casa, se ben o único que puideron tirar en limpo foi que pasaba as horas a estudar un plano da rexión e, nun primeiro momento, a súa actividade non parecía ter nada de deshonesto.

(Continuará)

Desde Rusia con Añón (IV)

Ramón Blanco

Rematabamos a entrega previa coa brincadeira de suxerir que a pirataría intelectual poida ser termómetro eficaz para medir a popularidade dun produto cultural. Exemplifiquemos, cun caso práctico, o dito e permítasenos outra digresión: manexamos dous exemplares do título *Humo* (ed. Petronio, Barcelona, 1970; ed. Castro, Madrid, 1971), cuxa “versión” (pois non se di “tradución”) se atribúe, respectivamente, a J. Ribera e a F. Alted Fonseca. O curioso é que ambas son copias unha da outra, a todas luces un plaxio total, mesmo nas notas incluídas a pé de páxina. Si difiren na grafía do apelido do autor: na de 1970, “Turguenef”; na de 1971, “S. Turgueniev”. Na de Alted Fonseca (1971) detectamos, ao chou, algunha errata, nas primeiras páxinas, que non constatamos na de Ribera (1970), mais tamén atopamos algunha corrección ou mellora que incluso poderían responder á existencia previa desta ou doutra tradución/edición (de feito constaríanos indirectamente outra de F. Alted Fonseca en Espasa-Calpe, Madrid, pero non temos claro se é do mesmo 1971 ou incluso do 1974); é por iso que, a pesar do indicio que proporciona a diferenza das datas, preferimos non ditaminar quen é o responsábel do plaxio, nin quen o padece, sen cotexar antes con outras edicións e traducións previas.

Certamente, había ser máis reducida a nómina de posíbeis tradutores franceses na primeira hora da recepción: H. Delaveau, Ernest Charrière... Isto lévanos a pensar que Francisco Añón ben puido manexar, para levar a cabo a súa tradución, a que fixera o seu contemporáneo Xavier Marmier (Pontarlier, 1808 - París, 1892). Este polígrafo viaxeiro mesmo coñeceu Rusia en 1842 e foi dos primeiros en dar a coñecer en Francia os novelistas daquel país. Así, traduciu as seis obras contidas no volume *Scènes de la vie russe* par M. I. Tourgueneff, nouvelles russes traduites avec l'autorisation de l'auteur par M. X. Marmier (París, 1858), entre as cales está, xa de primeira, “les Deux amis” (sic). Nótese así mesmo, e sirva para reforzar o argumento, que o “M. I. Tourgueneff” ten maior similitude co añoniano “M. J. Tourguenef” do que coas grafías da identidade do autor alternativas, e máis modernas, que coñecemos. O cadro co retrato de Marmier, que ilustra o noso artigo, consérvase no museo do seu municipio natal; na rede poderá atopar a lectora curiosa algunha fotografía deste persoeiro franco.

A chegada ao galego da obra de Turgenev é, loxicamente, máis modesta. Xa citamos a tradución de Manoel Riveiro: O primeiro amor (Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1987). Temos que engadir o relato “O prado Biezhin”, no volume O conto ruso do XIX. De Puxquin a Tolstói (Ir Indo Edicións, Vigo, 1997), coordinado por Alexandra Koss, destacada representante da Escola da Tradución Poética de San Petersburgo, falecida en 2010. Esta profesora universitaria, ademais de ser gran especialista en Cervantes, traduciu ao ruso numerosos autores desde o español, o portugués, o italiano, o francés, o catalán e o galego. Tamén traduciu a algunhas destas linguas a autores do seu país. No 2006 recibiu o Premio María Casares á Mellor Tradución Teatral pola súa versión galega do Tío Vania, de Anton Chekhov, para a compañía Factoría Teatro.

No camiño de saída do galego para chegar ao ruso temos que referirnos, pola parte que nos interesa, a outra tradutora de San

Petersburgo, e con quen colaborara a anterior: Elena Zernova, nada nesa cidade en 1951. No 2016 obtivo o Premio Cultura Galega de Proxección Exterior, concedido pola Xunta de Galicia, e desde o ano 2017 é membro correspondente da Real Academia Galega. Dirixe o Centro de Estudos Galegos (e mais o Centro de Estudos Cataláns) da Universidade de San Petersburgo. Alén de ser tradutora de Alfredo Conde, Manuel Rivas e Xurxo Borrazás (cadanseu libro ao ruso), leva case trinta anos coordinando, seleccionando e traducindo os textos que compoñen unha antoloxía histórica da nosa literatura repartida en numerosos volumes. O segundo deles (Entre dous silencios. Antoloxía da literatura galega, Centro de Estudos Galegos da Universidade de San Petersburgo, 1996) estaba dedicado á poesía do século XIX e primeizo terzo do século XX: desde Rosalía de Castro (de quen, por certo, completou nun volume posterior a tradución dos Cantares Gallegos) aos Seis poemas galegos de Federico García Lorca (que ofrece na súa totalidade), máis de cen textos de dezasete poetas, cun limiar de Basilio Losada. E aquí vén o que máis nos interesa: o segundo autor antoloxizado é, non podía ser menos, o noso querido Francisco Añón, con “Amor apresurado”, ou, para dicilo na doce lingua de Putin (outro bo pirata...), á que está traducido: “попешная любовь”.

(Continuará)



Xavier Marmier foi, entre moitas cousas, un importante tradutor. *Fume* é unha das novelas máis editadas de Turgenev en España